



Nogade

LOITA OLÍMPICA

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

A modalidade de Loita Olímpica desenvolverase a través de encontros de carácter participativo, sendo organizada pola Federación Galega de Loita (FGL), por ser unha actividade deportiva federada.

1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) formalizarase a través da páxina web xogade.xunta.gal. Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte, deporte.xunta.gal.

A data de peche de inscrición será o 31 de xaneiro de 2018.

Para as fases provinciais e autonómicas a inscrición para a competición deberá facerse con 10 días de antelación ao inicio da mesma.

2. CATEGORÍAS

A competición realizarase nas categorías benxamín, alevín, escolar e cadete, masculina e feminina.

BENXAMÍN E ALEVÍN (nados entre 2009 e 2005): a competición será unicamente por equipos.

ESCOLAR (nados nos anos 2004 e 2003): a competición será individual e por equipos.

CADETE (nados no ano 2002): a competición será individual e por equipos.

A federación organiza tamén, fóra da modalidade de deporte escolar federado, a competición na categoría prebenxamín (que se beneficia do Seguro federado 6-16 de Xogade) e un segundo ano de categoría cadete.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar nesta modalidade os centros escolares, as ANPAS, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓ

LOCALIZACIÓN DE CLUBS E ENTIDADES PARTICIPANTES	
LIGA SUR (Pontevedra)	LIGA NORTE (Lugo, Ourense e A Coruña)
1 Vigo	1 Santiago de Compostela
2 Pontevedra	2 Santa Uxía de Ribeira
3 Vilagarcía de Arousa	3 Vilalba
4 Baiona	4 Rábade
5 Salceda de Caselas	5 Guitiriz
	6 Melide
	7 Ordes
	8 Lugo
	9 Láncara
	10 A Coruña
	11 Vila de Cruces
	12 Ourense

CALENDARIO DEPORTIVO

Data	Categoría	Lugar	Liga	Orientación
Xaneiro	Cadete	Santiago	Fase final	Clubs, ANPAS, EDM
Febreiro	Escolar	Vila de Cruces	Fase final	Clubs, ANPAS, EDM
Marzo	Alevín e Benxamín	Lugo	Xornada Sur Liga	Clubs, ANPAS, EDM
Abril	Alevín e Benxamín	Vigo	Xornada Norte Liga	Clubs, ANPAS, EDM
Maio	Alevín e Benxamín	Santiago	Xornada Final Liga	Clubs, ANPAS, EDM

Estas actividades organizaranse en fins de semana.

Datas e lugares pendentes de aprobación do calendario de FGL.

CATEGORÍAS POR PESO

MASCULINA			
BENXAMÍN	ALEVÍN	ESCOLAR	CADETE
18 / 21 Kg	24/27 Kg	29 / 32 Kg	39/42 Kg
23 Kg	30 Kg	35 Kg	46 Kg
26 Kg	33 Kg	38 Kg	50 Kg
29 Kg	37 Kg	42 Kg	54 Kg
33 Kg	41 Kg	47 Kg	58 Kg
37 Kg	45 Kg	53 Kg	63 Kg
42 Kg	50 Kg	59 Kg	69 Kg
47 Kg	55 Kg	66 Kg	76 Kg
53 Kg	60 Kg	73 Kg	85 Kg
58 Kg	66 Kg	73 / 85 Kg	85 / 100 Kg
64 Kg	72 Kg	-	-
FEMININA			
BENXAMÍN	ALEVÍN	ESCOLAR	CADETE
16 / 18 Kg	22 / 25 Kg	28 / 30 Kg	36 / 38
20 Kg	27 Kg	32 Kg	40 Kg
22 Kg	29 Kg	34 Kg	43 Kg
25 Kg	32 Kg	37 Kg	46 Kg
28 Kg	35 Kg	40 Kg	49 Kg
31 Kg	38 Kg	44 Kg	52 Kg
35 Kg	42 Kg	48 Kg	56 Kg
39 Kg	46 Kg	52 Kg	60 Kg
43 Kg	50 Kg	57 Kg	65 Kg
47 Kg	54 Kg	62 Kg	65 / 70 Kg
47 / 51 Kg	54 / 59 Kg	62 / 70 Kg	-

5. NORMATIVA

A) XERAL

Estas competicións regularanse segundo as normas técnicas establecidas no Regulamento da Federación Galega de Loita e Deportes Asociados.

A modalidade de competición será Loita libre olímpica.

Para as categorías benxamín e alevín a competición, que será por equipos, disputarase nun tapiz de 6x6 m e terá unha duración por combate de dous minutos.

Para as categorías escolar e cadete a competición será individual. Disputarase nun tapiz de 10x10 m e a duración dos combates será de 4 minutos: 2 asaltos de 2 minutos.

Campionato galego

Nos meses de xaneiro e febreiro de 2018 terá lugar o Campionato Galego, organizado pola Federación galega de Loita, cos/coas nados/as nos anos:

NACEMENTO	IDADE	CATEGORÍA
2009	9	Benxamín
2008	10	
2007	11	
2006	12	Alevín
2005	13	
2004	14	Escolar
2003	15	
2002	16	Cadete

PROHIBICIÓNS XERAIS DURANTE A COMPETICIÓN, COMO NORMA XERAL:

- 1- Golpeo: calquera tipo de golpeo, aínda que sexa fortuíto.
- 2- Estrangulacións: tanto das vías aéreas como das sanguíneas.
- 3- Luxacións: de calquera articulación.
- 4- Agarrar a roupa, cabelo etc. Excepto o agarre sobre o corpo do compañeiro.
- 5- Calquera acción que se afaste do xogo limpo e das normas do fair play.
- 6- Abandonar/escapar da superficie acolchada de loita

B) NORMATIVAS XERAIS POR CATEGORÍAS

Benxamíns nados do 2007 ao 2009.

- Participan na categoría do seu peso corporal, non se pode subir de categoría de peso.
- Tempo de combate: 1'30 minutos.
- Accións prohibidas: calquera proxección e controis de cabeza e brazo.
- Pisar fora da zona de loita NON PUNTÚA. Só se conseguen puntos por derrubes e volteos no chan.
- Puntuación sistema novo: 1, 2 e 4 puntos
- 2 tocados para vencer por TOUCHE. O primeiro tocado vale 4 puntos.

Alevíns nados do 2005 ao 2006.

- Participan na categoría do seu peso corporal, non se pode subir de categoría de peso.
- Tempo de combate: 2 minutos.
- Accións prohibidas: calquera proxección e controis de cabeza e brazo.
- Pisar fora da zona de loita NON PUNTÚA. Só se conseguen puntos por derrubes e volteos no chan.
- Puntuación sistema novo: 1, 2 e 4 puntos
- 2 tocados para vencer por TOUCHE. O primeiro tocado vale 4 puntos.

Escolar e Cadete.

Para a competición de deporte individual: Escolar e Cadete, o regulamento será o oficial que se pode revisar no seguinte enlace:

http://www.felucha.com/components/com_repository_files/downloads/reglas-nacionales-de-lucha-2017_1494501660.pdf

6. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Loita, que pode consultarse nestas páxinas web www.fegalota.org, www.felucha.com e xogade.xunta.gal.